

AXUDA Á INVESTIGACIÓN DA USC

PUNTUACIÓN DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

1. TESES DE DOUTORAMENTO

Dirixidas/codirixidas por profesores do departamento ou instituto de investigación da USC.

- Cum laude: **8** puntos
- Outras cualificacións: **6** puntos

2. PUBLICACIÓN NON PERIÓDICAS

2.1. LIBROS: publicacións de máis de 50 páxinas, do contrario deberán remitirse o punto 2.3 publicacións curtas. O ámbito do libro virá dado polos dous primeiros díxitos do ISBN (84 nacional); no caso de carecer de ISBN o libro será considerado como nacional debendo ter cuberto, necesariamente, o campo do depósito legal.

INTERNACIONAIS

- Autor: **12** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): **4** puntos

NACIONAIS

- Autor: **8** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): **3** puntos

Non se valorarán as publicacións de: teses, memorias de licenciatura, proxectos fin de carreira, reedicións de libros non revisados ou ampliados, manuais de calquera tipo, libros de texto ou docentes, publicacións relacionadas con exposicións, cursos ou xornadas de formación, así como a función de editor de libros de congresos.

2.2. CAPÍTULOS DE LIBROS: o ámbito do libro virá dado polos dous primeiros díxitos do ISBN (84 nacional); no caso de carecer de ISBN o libro será considerado como nacional debendo ter cuberto, necesariamente, o campo do depósito legal.

INTERNACIONAIS

- Autor: **5** puntos

NACIONAIS

- Autor: **3** puntos

Non se valorarán neste apartado as contribucións derivadas de calquera tipo de evento, para estes casos deberán remitirse ó punto 2.5. publicacións derivadas de congresos.

Para un departamento/instituto a puntuación total dun libro dividido en capítulos non poderá ser superior ó valor do libro completo.

2.3. PUBLICACIÓNS CURTAS: **1** punto
Publicacións unitarias non periódicas que teñan ISBN e/ou depósito legal e o seu número de páxinas sexa igual ou menor de 50 e maior de 4.

2.4. TRADUCCIÓNS E TRANSCRICIÓNS: **3** puntos
Sempre que estas sexan acompañadas dun estudio introductorio, xuízo crítico ou anotacións derivadas dunha investigación persoal.

2.5. PUBLICACIÓNS DERIVADAS DE CONGRESOS: Valoraranse as publicacións en papel impreso ou en formato electrónico derivadas tanto de congresos presenciais como electrónicos. **Exclúense publicacións relacionadas con cursos ou xornadas formativas.**

2.5.1. TEXTOS COMPLETOS

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países) **4** puntos
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) **2** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) **1** punto

2.5.2. RESUMOS/ABSTRACTS: o número de puntos acadado neste apartado **non poderá ser superior ó 50%** do que se obteña pola suma do acadado por libros, capítulos e artigos.

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países) **1** punto
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) **0,5** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) **0,25** puntos

3. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS: revistas e publicacións seriadas publicadas tanto en papel impreso como en formato electrónico.

3.1. Artigo en publicación tipo A^{Plus} **8** puntos
(Son as incluídas na 1ª metade do índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último *Journal Citation Reports*)

3.2. Artigo en publicación tipo A **6** puntos
(Son as incluídas na 2ª metade do índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último *Journal Citation Reports* e as recollidas no listado publicado polo Vicerrectorado de Investigación)

3.3. Artigo en publicación tipo B **4** puntos
(Segundo o listado deste Vicerrectorado)

3.4. Artigo en publicación tipo C **1** puntos
(Segundo o listado deste Vicerrectorado)

3.5. OUTRAS CONTRIBUCIÓNS: **0,25** puntos
Neste apartado **inclúense**: case reports, casos clínicos, notas clínicas, recensións, comentarios a sentencias ou a traballos doutros autores. E ademais inclúense neste apartado as voces de dicionario.

4. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS

Se considerará departamento/instituto organizador aquel ó que pertenza o **presidente/secretario** do comité organizador.

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países)..... **4** puntos
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) **2** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) **1** punto

5. PATENTES

5.1. PATENTES REXISTRADAS:

- **VÍA INTERNACIONAL:** **3** puntos
- **VÍA NACIONAL:** **1** puntos

5.2. MODELOS DE UTILIDADE REXISTRADOS:..... 0,25 puntos

CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DE ACTIVIDADES

1º.-Aos únicos efectos de valorar a produción científica dos grupos de investigación considéranse como compoñentes valorabeis do grupo a aqueles que, na data de remate do prazo de gravación de datos, están incluídos no mesmo. Do mesmo xeito soamente terán dereito a percibir á axuda por produción científica aqueles grupos de investigación que están formalmente constituídos na data antes mencionada

2º.-Consonte ao establecido no punto anterior soamente se valorarán os traballos dos bolseiros, doutorandos, colaboradores externos, contratados con cargo a proxectos e actividades de investigación, que na data de remate do prazo de gravación de datos estean incluídos no grupo de investigación.

3º.-Para a distribución do valor dos ítems, empregaranse os seguintes criterios:

- a) Cando tódolos autores pertenza á Universidade de Santiago de Compostela o valor do ítem dividirase polo número total de autores e o resultado multiplicarse polo número de membros que, segundo sexa o caso, pertencen ao grupo de investigación ou departamento/instituto. Neste caso non se garantirá puntuación mínima.
- b) Cando o ítem a valorar estea asinado por autores que na data de remate do prazo de gravación de datos non pertencen á Universidade de Santiago de Compostela, para o caso da produción de departamentos/institutos nin ao grupo de investigación, para o caso da produción de grupos, o valor do ítem dividirase polo número total de autores e o resultado multiplicarase polo número de membros que, segundo sexa o caso, pertencen ao grupo de investigación ou departamento/instituto. Neste suposto garantirase ao grupo/departamento/instituto o 50% do valor do ítem.

4º.- Cando debido ás normas de publicación exista a imposibilidade de que na contribución se reflecta a pertenza dalgún ou de tódolos autores a un Departamento, Instituto, etc., valorarase dito ítem cando se xustifique documentalmente esa imposibilidade. Neste suposto será a Vicerreitoría con competencias en investigación quen, con carácter previo, e sempre antes do remate do prazo de gravación de datos a que autorizará a gravación de dito ítem.

5º.- Sempre que tecnicamente sexa posible o criterio de imputación do financiamento, para o cálculo do CRAI, que se tomará como referencia será o das anualidades do proxectos imputándose a cada ano a súa anualidade.

6º.-Cando algún investigador abandone un grupo de investigación e pase a integrarse noutro, a súa actividade investigadora figurará nos dous grupos. No de procedencia figurará soamente a actividade xerada durante a pertenza a ese grupo. No novo grupo figurará a anterior mais a xerada a partir da súa integración.

7º.-Cando algún grupo de investigación desapareza, a actividade de investigación dos seus membros figurará soamente no grupo no que se integren.

8º.-Para o cálculo do número de puntos empregaranse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) Para os grupos novos calcularase, en función dos seus compoñentes, os puntos correspondentes a súa actividade de investigación dos tres últimos anos.
- b) Para os grupos xa constituídos, independentemente das variacións dos seus compoñentes, teranse en conta os puntos consolidados nos dous anos inmediatamente anteriores ao que se está valorando e calcularanse os puntos, en función dos seus compoñentes, do ano en curso.